

Entón, ¿é unha colocación ou non?: análise contrastiva das colocacións¹

Margarita Alonso Ramos²

Universidade da Coruña

Neste traballo preséntanse algunas reflexións sobre a escasa utilidade do debate teórico de se unha expresión dada é unha colocación ou non. Defenderase unha visión esencialmente práctica, desde a posición do lexicógrafo que desenvolve un diccionario de colocacións no que o punto de referencia debe ser un aprendiz dunha segunda lingua. Serán, polo tanto, a perspectiva da producción e a perspectiva contrastiva as que guiarán esta exposición. Así mesmo tratarase de ofrecer unha solución ó tratamento lexicográfico bilingüe das colocacións no marco da Lexicoloxía explicativa e combinatoria.

Palabras clave: lexicoloxía, colocación, aprendiz segunda lingua.

Some considerations on the low usefulness of the theoretical debate about a particular expression being a collocation or not are presented in this paper. An essentially practical view from the position of the lexicographer who develops a dictionary of collocations for which the point of reference must be a second language learner will be defended. The production and the contrastive perspectives will therefore guide this presentation. Furthermore, a solution to the bilingual lexicographical treatment of collocations will be attempted in the framework of explanatory and combinatorial lexicology.

Key words: lexicology, collocation, second language learner.

¹ Este traballo enmárcase no proxecto de investigación HUM2005-08052-C02-02 financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia.

² Tradución de Beatriz Vizcaíno Pena.

1. Introdución

No ámbito hispano, a bibliografía sobre as colocacións pasou de ser case inexistente a ocupar un posto relevante no índice de temas tratados en fraseoloxía e fóra dela³. Con todo, a noción de colocación dista moito de recibir unha definición unanimemente aceptada. Moitas destas referencias xiran arredor das clasificacións entre as diferentes expresións fraseolóxicas, das diferenzas entre un tipo e outro de expresión fraseolóxica, do medio de trazar unha fronteira entre os distintos tipos, segundo os diferentes autores e, en definitiva, de preguntarse, como reza o título deste traballo: *entón, esta expresión ¿é unha colocación ou non?* Ante tal pregunta, algúns responden defendendo o contínuum existente entre os diferentes tipos de expresións fraseolóxicas⁴. Outros, entre os que me inclúo, prefiren pensar nunha división neta entre os diferentes tipos. Nos últimos anos, existe certa tendencia a asignar un carácter gradual a todo aquilo que non é doado de delimitar. Así, por exemplo, o feito de que exista debate sobre se unha expresión dada é unha colocación ou unha locución non debe levar necesariamente a atribuí-la inexistencia de fronteiras precisas, senón, quizais, a concluir que os criterios e as definicións que utilizamos para distinguilas non eran os axeitados. Noutras palabras, creo que é posible definir uns criterios para decidir se unha expresión dada é ou non unha colocación. Se outro autor utiliza outros criterios que, aplicados a esa expresión, producen uns resultados diferentes, non quere dicir que non existan fronteiras entre as expresións fraseolóxicas, que o carácter fraseolóxico sexa gradual, senón que os criterios son diferentes e máis nada.

Neste traballo, non quero abundar no debate terminolóxico que, malia ser necesario nunha fase da investigación, debe cede-lo paso a unha fase de desenvolvemento, é dicir, de descripción de feitos. Non achegarei, polo tanto, ningunha definición de *colocación*, pero si intentarei contestar máis tarde a pregunta do título. Para podermos comprender as liñas que seguen, limitareime, polo momento, a dicir que interpreto as colocacións no sentido de Hausmann e no de Mel'čuk⁵. Así, dende este enfoque

³ A modo de ilustración, dous números especiais da revista *Lingüística española actual* foron dedicados ó tema das colocacións, un deles aparecido en 2001 e outro, en 2002, onde aparecen, entre outros, Bosque (2001), Corpas Pastor (2001) e Koike (2002). Como resultado dos traballos presentados no Congreso sobre Léxico e Gramática celebrado en Lugo en 2000 son varias as publicacións sobre o tema: *vide* Castillo (2002) e Ferrando (2002). En traballos más recentes como Luque Durán e Pamies Bertrán (2005) e Alonso Ramos (ed.) (2006) pódense atopar tamén varios estudos centrados nas colocacións. Non faltan tampouco as monografías, como a de Koike (2001) e Muñiz (2004).

⁴ Son bastante ilustrativas deste enfoque gradualista as seguintes palabras de Herbst (1996: 385): «*It is perfectly obvious that this area of linguistic description is a classic example of gradience. Any attempt to define collocation in this narrow sense [= definición de Hausmann] can thus only be aiming at defining a kind of prototype of collocation, recognizing the gradience character of the combination*». No ámbito español, autores como Penadés (1995) ou Ruiz Gurillo (1998) tamén se inclinaron polo enfoque gradualista.

⁵ A bibliografía sobre as colocacións destes autores é amplísima. A modo de ilustración, *vide* Mel'čuk (1995, 1998, 2001, 2006), por unha parte, e Hausmann (1979, 1989, 1997, 1998), entre outros.

diremos que, por exemplo, *comportamiento intachable* é unha colocación do español, onde o nome é a base da colocación e o adjetivo, o *colocativo*. A postura que defenderei aquí é esencialmente práctica, dende o punto de vista do lexicógrafo que desenvolve un diccionario de colocacións. Tomarei como punto de referencia un usuario (especialmente un aprendiz dunha segunda lingua) dun diccionario de colocacións dunha lingua dada. Así ante a pregunta de se unha expresión é ou non unha colocación, a única vía para atoparla resposta é centrarse na visión do que aprende unha segunda lingua. Polo tanto, teremos que verificar se o aprendiz necesita ou non atopar unha expresión dada no diccionario e, en caso afirmativo, decidir onde describila para que a poida atopar. A perspectiva do contraste entre linguas é unha boa ferramenta para descubrirlas colocacións. Como Hausmann (1997: 284) sinalou, «*dans une langue étrangère presque tout est différent, presque tout est idiomatique. C'est le parallélisme qui est l'exception, non la spécificité*». Por suposto, as colocacións son sempre colocacións, independentemente de que os falantes sexan nativos ou non. O que acontece é que os falantes nativos non sempre son conscientes do carácter particular dunha expresión dada, precisamente porque son nativos e dominan a súa lingua con tódolos seus automatismos. Non obstante, mesmo o falante nativo percibe a fraseoloxización dunha expresión dada, en canto se lle pon na perspectiva da producción ou da codificación. Serán, polo tanto, a perspectiva da producción e a perspectiva contrastiva as que guiarán esta exposición.

O noso marco teórico é a lexicoloxía explicativa e combinatoria (Mel'čuk *et al.* 1995) que é o compoñente léxico da Teoría Sentido-Texto (Mel'čuk 1997, entre outros). Dende ese marco, estamos a desenvolve-lo *Diccionario de Colocaciones del Español* (de agora en diante DiCE)⁶. Non presentarei aquí este proxecto, pero si será o noso pano de fondo (*vide* Alonso Ramos e Sanromán 2000; Alonso Ramos 2003, 2004, 2005, 2006).

A estrutura do traballo é a seguinte. Na sección 2, abordarei as colocacións como un fenómeno de codificación. Intentarei mostrar que gran parte do debate terminolóxico é inútil se se parte da perspectiva da producción ou codificación. Na sección 3, porei de relevo o contraste entre colocacións mesmo de linguas próximas como son o francés, o portugués e mailo español. Tratarei de ofrecer unha solución ó tratamento lexicográfico bilingüe das colocacións na sección 4 e, por último, presentarei as conclusións e a resposta á pregunta formulada no título.

⁶ Os inicios do DiCE remóntanse a 1999. Recibiu financiamento de diferentes proxectos de investigación: BFF2002-04226-C03-01 (Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e Feder), PGDIT02PXIB30501PR e PGIDITPXIC101401PN (Xunta de Galicia). Existe unha «demo» ou prototipo do que pode ser un diccionario de colocacións do español desde 2004. Así, nos seguintes enderezos electrónicos, <<http://www.dicesp.com>> ou <<http://dicesp.cesga.es>>, pódense consultar dez nomes de sentimento, cos seus diferentes sentidos: *admiración, alegría, amistad, cariño, celos, dolor, enemistad, gana, orgullo e sospecha*.

2. Cuestionamento dos trazos usados para caracterizar as colocacións

Son varias as nocións que xiran ó redor das colocacións. Termos como *predictibilidade*, *composicionalidade*, *opacidad/transparencia semántica*, *restriccións léxicas* vs. *restriccións semánticas*, etc. sobrevoan moitas das referencias bibliográficas que mencionabamos ó principio. Como xa dixen, non quixería entrar no debate terminolóxico, senón só mostrar con algúns exemplos como podemos enfocar a descripción dunha expresión dada como colocación ou non.

2.1. ¿Son as colocacións *impredicibles*?

Un dos trazos que se adoitan usar para caracterizar as colocacións é o seu carácter impredictible. Así, para Hausmann (1998), unha combinación é predecible se responde ás regras do sistema e, en cambio, é impredictible se as restriccións da súa combinatoria non se explican por medio das leis gramaticais e semánticas. Entón, ¿que acontece con, por exemplo, *comportamiento intachable*? ¿é ou non impredictible? Para contestar, temos que analizar que entendemos por «explica-las restriccións da súa combinatoria». Poderíase pensar que as colocacións son conformes ás leis do sistema, como fai Muñiz (2004), no sentido de que existe unha unidade léxica (UL) na lingua como *intachable* que significa '[comportamento] tan bo que non pode ser criticado' e que se combina coa UL *comportamiento*, *conducta* e poucos nomes máis. Aínda así, dende a perspectiva da producción, comprobábase que a selección de *intachable* non é libre, posto que non podemos seleccionar libremente o adjectivo para expresar dito sentido. En efecto, *comportamiento intachable* é unha combinación restrinxida, posto que o mesmo sentido 'tan bo que non pode ser criticado' se expresa como *intachable* cando se predica de comportamentos, pero non cando se fala de *gusto (impecable)* ou de *honor (inmaculado)*, por exemplo. Dende ese punto de vista, a combinación *comportamiento intachable* pode considerarse como impredictible, posto que non se pode predecir como se vai expresar un sentido dado. O que querería subliñar aquí é que só se pode valorar se unha combinación é impredictible ou non dende a perspectiva da codificación.

2.2. ¿Son as colocacións *transparentes*?

Algunhas si e outras non, pero o que importa é que a transparencia ou a opacidade semántica non é pertinente para caracterizar unha expresión dada como colocación. Non obstante, algúns autores basean a súa descripción na transparencia. Así, Grossmann e Tutin (2003: 8) clasifican as colocacións en *opacas (peur bleue)*, *transparentes (avoir faim)* e *regulares (désespoir affreux)*. Os dous primeiros tipos inclúen colocacións impredictibles, mentres que o terceiro tipo se refire a combinacións cun sentido deducible e parecen predecibles, pero a predición baséase en regras semánticas deducidas *a posteriori*. Así, por exemplo, o adjetivo francés *affreux* serve para intensificar nomes de sentimento de polaridade negativa, pero non todos: *une affreuse tristesse* ('unha tristura horrorosa'), *un désespoir affreux* ('un desespero horroroso'), pero non **un abattement affreux* ('un abatimento horroroso') (Grossman e Tutin 2003: 16). Quizais si se poida atopar unha regra semántica que explique por que cuns nomes si e con outros non. Agora ben, hai que preguntarse sobre a utilidade de tal regra: ¿onde

podería formularse de modo que servise a un usuario dun dicionario para poder elixi-la boa combinación en cada caso? Ata que a resposta estea clara, na lexicoloxía explicativa e combinatoria optouse por asigna-lo colocativo a cada base no seu artigo lexicográfico. Esa posición non impide que se teñan en conta posibles xeneralizacións, pero sempre despois da descripción previa dos feitos.

Como ben sinala Netzlaff (2005: 12-13), a transparencia dunha colocación depende, entre outras cousas, da proximidade entre as lenguas en cuestión. A transparencia atangue á análise, á descodificación. Así, unha expresión dada pode ser máis ou menos transparente para un suxeito, nativo ou non, dependendo de se coñece o sentido que ten o colocativo en coocorrencia con esa base. Por exemplo, Muñiz (2004: 140) sinala que a combinación *salvar un obstáculo* é transparente para quen coñeza o sentido do verbo nesa colocación. Evidentemente, se é transparente, débese coñece-lo sentido de cada un dos constituyentes. Agora ben, mesmo se o dicionario xeral non incluíse unha acepción do verbo *salvar* con ese sentido, o que distingue a combinación *salvar un obstáculo* de *salvar un niño* é que só a primeira está orientada dende o nome. Unha vez máis, a orientación só se percibe dende a producción. Ó codificar unha colocación pártese necesariamente da base posto que a realización do sentido do colocativo depende funcionalmente da base.

2.3. ¿Son as colocacións restrinxidas semanticamente?

De novo, hai que contestar que algunas si e que outras non. A orientación que acabamos de mostrar que caracteriza as colocacións determina tamén a dirección dende onde aborda-la combinación léxica. Así, unha combinación como *balar una oveja* (exemplo de Muñiz, 2004) ou *el barco atraca* (exemplo de Blanco, neste volume) son restrinxidas semanticamente. Se se toma o verbo como punto de partida, a combinación ten pouco de impredicible. Dende a definición do verbo *balar*, obsérvase que o seu primeiro argumento está restrinxido semanticamente a 'ovella'. Pódese decir que *balar una oveja* é composicional no sentido de que o seu significado global se entende a partir da unión do significado de verbo e nome. De acordo, pero se se parte, en cambio, do nome *oveja*, vese más claramente que *balar una oveja* é unha combinación que debe estar mencionada e descrita na entrada lexicográfica de *oveja*. Non é necesariamente predicable cal vai se-lo verbo que selecciona este nome para expresa-lo sentido 'emiti-lo son característico'. Un aprendiz de español pode coñece-lo nome *oveja*, pero non *balar* e non ten outro medio de atopalo que na entrada do nome. O mesmo acontece con *atracar* e *barco*: non é evidente como un aprendiz de español pode atopar que é o que fan as embarcacións cando se achegan á costa, se non se inclúe o verbo *atracar* baixo a entrada do nome *barco* ou de *embarcación*.

A pesar de que *balar una oveja* está semanticamente condicionada, mentres que, por exemplo, *estribar el problema* só está lexicamente condicionada, ámbalas dúas combinacións poden ser descritas lexicograficamente do mesmo modo, é dicir, ámbalas dúas poden te-lo rango de colocacións. É certo que as colocacións constitúen, prototípicamente, un fenómeno de natureza esencialmente léxica, non semántica: o colocativo é seleccionado lexicamente pola base. Non se trata dunha decisión do falante: é a lingua a que lle esixe ó falante que se se quere expresar 'son típico

producido polas ovellas' se diga *balar*. Da mesma maneira que se esixe seleccionar *estribar* para expresa-lo sentido aproximado 'consistir', dito de *problema*. Outra cuestión é que a definición dos colocativos «explique» a combinatoria coas súas bases ou non. É certo que a definición de *balar* se pode demarcar máis facilmente que a de *estribar*, pero dende a perspectiva da producción, nos dous casos se parte do nome e é na súa entrada lexicográfica onde debe ser descrita a combinación co verbo⁷.

A cuestión de fondo aquí é a distinción entre *restriccións semánticas* e *restriccións léxicas*, latente en *Redes* (Bosque 2004). Pódese chegar a pensar que se trata só dunha diferenza de grao entre «*un verbo como matar, que exige un objeto animado ('vivo')* y *otro como enhebrar, que pide un objeto 'enhebrable'*» (Muñiz 2004: 89). Non obstante, dende o meu punto de vista, a gran diferenza, de natureza e non de grao, entre *matar una persona* e *enhebrar una aguja* é que na entrada lexicográfica de *aguja*, debo mencionar que se fai con ela, pero na entrada de *persona* (ou tódolos nomes tipificados semanticamente como 'persoa' ou 'ser vivo'), non teño por que mencionar *matar*. A combinación *enhebrar una aguja* é unha combinación restrinxida, semanticamente, pero restrinxida ó cabio, polo que debo consignala no dicionario. A selección de *enhebrar* non é libre, debido ó seu sentido extremadamente preciso. Xustamente, no *Redes*, *enhebrar* constitúe unha entrada, así como *estribar*, pero non *matar*.

2.4. As colocacións son un fenómeno de codificación

Na lexicoloxía explicativa e combinatoria, tódalas expresións fraseolóxicas son consideradas dende o punto de vista da producción ou da codificación. Así, ante as preguntas que acabamos de formular aquí, no enfoque que seguimos, a pregunta é diferente: ¿como debemos describir lexicograficamente unha expresión para que poida ser seleccionada e empregada de maneira correcta? No fenómeno das colocacións é onde se percibe más claramente que a perspectiva da codificación é a más reveladora, en especial dende unha óptica contrastiva. Non é por casualidade que as colocacións son chamadas *idioms of encoding* (Makkai 1972). Os criterios para identificalas, para describilas e para aprendelas deben estar baseados na producción e non na comprensión. Dende o punto de vista da comprensión, algunas colocacións poden ser más ou menos transparentes. Así, *miedo cervical* ou *peur bleue* serán, respectivamente, pouco transparentes para un aprendiz de español⁸ ou para un aprendiz de francés; non obstante, *vino blanco* ou o seu equivalente francés *vin blanc* son completamente transparentes. En cambio, dende o punto de vista da producción, o falante non nativo non pode prever cando un colocativo coincide co seu equivalente en lingua materna e cando non: *vin rouge* pero *vino tinto* non **vino rojo*. Na sección seguinte, abordarei as

⁷ V. Alonso Ramos (2002 e 2003b), sobre as definicións das unidades léxicas colocativas

⁸ De feito non só para os aprendices de español. A maioría dos meus alumnos de Filoloxía, mesmo os de doutoramento, descoñecen o significado de *miedo cervical* que, con todo, parece ainda en uso: unha busca en Google de «*miedo cervical*» produce 10.200 ocorrencias.

colocacións en contraste, centrándonos en tres linguas románicas: francés, portugués e español.

3. Colocacións dende un enfoque contrastivo

Como dicíamos ó principio, a óptica contrastiva permite sacar á luz a fraseoloxización ou falta de liberdade na combinatoria das unidades léxicas, fraseoloxización que pasa máis desapercibida se só se ten en conta a descripción monolingüe. Escollín tres linguas románicas para amosar que, mesmo entre linguas próximas, non é evidente a selección do colocativo correcto en cada caso. Limitareime a expoñer uns poucos exemplos que illustren as diferentes situacións que se poden dar.

3.1. Proximidade entre as tres linguas

Esta é a situación máis frecuente para estas tres linguas. Podemos traducir palabra por palabra tanto as bases como os colocativos. Na seguinte presentación de exemplos, ofrezo unha notación funcional para mostrar que a un sentido dado lle corresponden varios modos de expresarse en coocorrelación coa base. Máis tarde, veremos que dende a lexicoloxía explicativa e combinatoria dispoñemos dunha ferramenta especializada en representalas colocacións. O sentido aproximado do colocativo será expresado con comiñas simples, mentres que a base e o colocativo están en cursiva. A orde das bases é sempre español, francés e portugués. Véxanse os seguintes exemplos:

1. 'funcionar' (*reloj/montre/relógio*) = es. *andar*, fr. *marcher*, po. *andar*
2. 'aplicar' (*tortura/torture/tortura*) = es. *someter*, fr. *soumettre*, po. *submeter*
3. 'recibir con agrado' (*consejo/conseil/conselho*) = es. *aceptar*, fr. *accepter*, po. *aceitar*

3.2. Falsos amigos

A proximidade entre as tres linguas facilita a abundancia destas «trampas» para os aprendices. É frecuente que existan dúas unidades léxicas moi semellantes entre dúas linguas, pero con significados distintos. Así, aínda que en francés tamén existe o adjetivo *énorme*, non pode usarse como colocativo intensificador. Por exemplo:

4. 'intenso' (*ganas/envie*) = es. *enormes*, fr. **énorme*

Para ese sentido, o francés escollería más ben o adjetivo *folle*, 'tola', que tamén se podería traducir directamente ó español. Con respecto ó portugués, temos un caso parecido:

5. 'intenso' (*ganas/vontade*) = es. *espantosas*, po. **espantosa*

O portugués tamén dispón do adjetivo *espantoso*, pero non se pode usar como intensificador. Neste caso, o portugués coincide con outro dos colocativos seleccionados polo español, *enorme*. Como vemos, un sentido pode ser expresado de varios modos en colocación. Así, en español son varios os adjetivos que expresan a intensificación do nome *ganás*: entre outros, *enormes*, *espantosas*, *locas*, etc.

A coincidencia entre colocativos de distintas linguas non é previsible. En ocasións, existen as dúas unidades léxicas co mesmo significado aproximadamente, pero só unha se utiliza en coocorrecia cunha base dada. Por exemplo, en portugués existe o verbo *desnatar*, co significado ‘quitarlle a nata ó leite’ e non obstante, o modo de expresar ‘sen graxa’ dito do leite, non é, como en español *desnatado*, senón *magro*. En cambio, en español, reservamos este adjetivo para aplicalo ó nome *carne*.

3.3. Cada lingua, un colocativo distinto

A pesar das semellanzas, tamén se atopan casos en que as tres linguas optan por colocativos distintos. Vexamos algúns exemplos:

6. ‘facer’(alarido/hurlement/alarido) = es. *dar*, fr. *pousser* (lit. ‘lanzar’), po. *fazer*
7. ‘repoñer’(gasolina/essence/gasolina) = es. *poner*, *echar*⁹, fr. *faire*, *prendre*, po. *meter*
8. ‘moi cociñado’ (bistec/steak/bife) = es. *bien hecho*, fr. *ben cuit*, po. *bem passado*

3.4. Emparellamentos de linguas

Nas nosas tres linguas, dáse con frecuencia o caso de que dúas delas coinciden na súa selección do colocativo. Na primeira das seguintes series de exemplos, o español e o portugués coinciden; na segunda, é o francés o que se emparella co portugués e na terceira, por último, é o portugués o que discrepa.

9. a. ‘facer’ (visita/visite/visita) = es. *hacer*, fr. *rendre* (lit. ‘devolver’), po. *fazer*
b. ‘realiza-las funcións’ (papel/rôle/papel) = es. *desempeñar*, fr. *jouer*, (lit. ‘xogar’) po. *desempenhar*
10. a. ‘deducir’ (conclusión/conclussion/conclusão) = es. *sacar*, fr. *tirer*, po. *tirar*
b. ‘intentar que alguén abra’(puerta) = es. *llamar*, fr. *frapper*, po. *bater*
11. a. ‘facer’ (foto/photo/foto) = es. *hacer*¹⁰, fr. *faire*, po. *tirar*
b. ‘causar’ (envidia/envie/inveja) = es. *dar*, fr. *donner*, po. *meter*

⁹ Segundo Camiña e Muñiz (2006), nalgúnsas zonas de Galicia dise tamén *hacer gasolina* e en Perú, *colocar gasolina*.

¹⁰ Este colocativo sería o escollido por defecto, pero de feito, en España, son moitos os verbos seleccionados polo nome *foto*: entre outros *sacar*, *tirar*, *tomar*, *disparar*. No español falado de Galicia, é usual tamén o verbo *quitar*.

3.5. Desaxustes

Ata agora vimos casos de coincidencias e de diferenzas entre as linguas, todas máis ou menos fáceis de tratar. Maior problema presentan os desaxustes existentes cando nunha lingua temos unha colocación, pero noutra só temos unha UL. Este é o caso, mencionado por Blanco (neste volume), do desaxuste na colocación francesa *tomber amoureux*, que se traduce por unha soa UL tanto en español (*enamorarse*) coma en portugués (*namorarse*).

Outro tipo de desaxuste atópase cando unha colocación presenta unha estrutura actancial diferente á doutra colocación equivalente semanticamente na outra lingua. Por exemplo, as nosas tres linguas poden optar por *tener* ou *ter* ou *avoir* para expresar ‘sentir odio’. O problema estriba en que en español e en portugués, *temos odio* [a alguén], mentres que en francés, *teñen* [a alguén] *en odio* (*avoir quelqu'un en haine*).

A revisión que acabo de facer non é máis ca unha pequena mostra das diferentes situacións que podemos atopar en canto adoptámo-la óptica contrastiva, necesaria tanto para o ensino ou a aprendizaxe de linguas como para a tradución (humana ou automática). Na sección que segue, amosarei algunas das ferramentas descriptivas utilizadas na lexicoloxía explicativa e combinatoria que nos permiten encara-lo tratamento bilingüe das colocacións mellor provistos que só cun dicionario bilingüe tradicional.

4. Tratamento bilingüe das colocacións

As colocacións non adoitan estar moi ben descritas nos dicionarios bilingües, especialmente no que atinxo ó español, o que non é casual, dado o desaxuste terminolóxico e conceptual que existe aínda na lingüística teórica. O tratamento das colocacións nun dicionario bilingüe caracterízase xeralmente pola falta de criterios. Na maioría dos casos, o equivalente dunha colocación aparece na entrada do colocativo, co que dificulta o acceso á información para o aprendiz da lingua que descoñece cal é o colocativo. Outra dificultade radica en que as colocacións aparecen mesturadas frecuentemente entre as locucións e os exemplos de tradución, sen advertir ó usuario dos diferentes tipos de combinacións¹¹.

Dende a lexicoloxía explicativa e combinatoria, non se emprendeu ata o momento ningún dicionario bilingüe, pero si se deseñou un novo modelo de dicionario bilingüe capacitado para poder trata-las colocacións¹². Como xa anunciei máis arriba, neste marco dispone dunha ferramenta especialmente deseñada para trata-la selección

¹¹ Vide Alonso Ramos (2001) para unha análise do tratamento das colocacións nun dicionario bilingüe español-francés. Tamén en Netzlaff (2005) pode consultarse a análise dealgúns dicionarios bilingües.

¹² Malia que aínda non se trata máis ca do deseño dun modelo de dicionario bilingüe, xa hai bastantes referencias bibliográficas dentro deste marco teórico que abordan este tema: Meyer (1990), Iordanskaja e Mel'čuk (1997), Mel'čuk e Wanner (2001), Alonso Ramos (2001), Mel'čuk (2006).

restrinxida: as *funcións léxicas* (V. Mel'čuk 1996, entre outros). Unha función léxica (FL) modeliza a relación existente entre dúas unidades léxicas onde unha delas, a base da colocación, chamada *palabra chave*, controla a elección léxica da outra, o colocativo. Así, por exemplo, a FL Oper₁ codifica a relación existente entre os seguintes pares de nomes e verbos: es. *dar un alarido*, fr. *pousser un hurlement* e po. *fazer um alarido*. Nestas colocacións, o colocativo funciona como verbo de apoio do nome predicativo (V. Alonso Ramos 2004).

As FFLL preséntanse como unha interlingua útil para a tradución, especialmente para a tradución automática (V. Heylen *et al.* 1994; Mel'čuk 2006). Así, ante unha colocación como *dar un alarido*, o primeiro paso será reducila á súa representación mediante unha FL: Oper₁ (*alarido*). A continuación tradúcese a palabra chave da colocación á lingua meta, francés ou portugués: Oper₁ (*hurlement*) ou Oper₁ (*alarido*). A última fase consiste en selecciona-lo valor da FL: fr. *pousser* ou po. *fazer*. As FFLL permiten calcula-lo equivalente de cada colocación, xa que como Blanco (neste volume) sinala, as colocacións non se traducen propiamente falando, senón que se calculan. Esta peculiaridade das colocacións propiciou o deseño dun novo modelo de diccionario bilingüe que consta de tres partes: 1) unha parte monolingüe da lingua de orixe (L_{orixe}) coa descripción das colocacións; 2) unha parte monolingüe da lingua meta (L_{meta}) coa lingua de orixe como metalingua, igualmente con tódalas colocacións; e 3) unha parte bilingüe $L_{\text{orixe}} \Rightarrow L_{\text{meta}}$ na que as colocacións non están presentes. Na parte bilingüe establecése a correspondencia entre as bases das colocacións. Así, se un falante de francés quere saber como se di en español *pousser un hurlement*, debe determinar que a expresión xira arredor do nome *hurlement*. No diccionario de francés, atopará a colocación descrita pola FL Oper₁. Despois, debe buscar na parte bilingüe cál é a UL española equivalente. Unha vez atopada a UL do español, *alarido*, pode consultar un diccionario monolingüe como o DiCE. Aí consultará a entrada *alarido* e atopará unha glosa en francés do colocativo buscado, *dar e soltar*, xunto coa FL¹³.

A situación non sempre é tan sinxela, xa que mesmo atopa-la equivalencia da base pode presentar certas dificultades (V. Alonso Ramos 2001, sobre a tradución do nome do sentimento francés *peine* ó español). Con todo, o enfoque de dividi-la parte puramente de tradución das bases da parte do cálculo dos colocativos é válido para tódolos casos, mesmo os difíciles. Gustaríanos exemplificalo cos casos de desaxuste que presentamos na sección anterior.

Empecemos polo caso da diferenza entre a estrutura actancial entre dúas colocacións semanticamente equivalentes: *avoir [quelqu'un] en haine* e *tener odio [a alguien]*. Este desaxuste é moi doado de resolver coa ferramenta das FL. Imaxinemos un diccionario bilingüe francés=>español con tres partes, como o acabamos de formular. No

¹³ Tal e como estamos a desenvolve-lo DiCE, as glosas dos colocativos están escritas en español, pero poden ser facilmente adaptadas á lingua de orixe dun potencial diccionario bilingüe.

dicionario monolingüe francés a colocación *avoir [quelqu'un] en haine* sería descrita por medio da FL seguinte baixo a entrada de *haine*:

$\text{Labor}_{12} = \text{avoir} [\text{N en } \sim]$

Os índices actanciais indican que o experimentador funciona como suxeito gramatical do verbo, mentres que o obxecto do odio funciona como o seu primeiro complemento. A parte bilingüe establecería a equivalencia entre *haine* e *odio*. A colocación equivalente en español atopase no DiCE baixo a entrada de *odio*:

$\text{Oper}_1 = \text{tener } [\sim \text{ a N}]$

As regras de paráfrases subxacentes á ferramenta das FL establecen a equivalencia semántica entre ámbalas dúas funcións, que só se diferencian pola estrutura actancial.

O segundo caso de desaxuste que mencionamos é máis difícil de resolver. Trátase de poñer en correspondencia unha colocación nunha lingua cunha UL na outra. Por exemplo, o dicionario ten que axudar a traducir ó español a colocación *tomber amoureux*, como en *Jean est tombé amoureux de Marie dès qu'il l'a vue*. O verbo *tomber* aparecería baixo a entrada do adjetivo *amoureux*, mediante a FL que tería como glosa ‘empezar a estar’:

$\text{IncepPred} = \text{tomber } [\sim]$

Á súa vez, o adjetivo *amoureux* é o valor da FL $A_1(\text{amour})$, que describe o atributo típico para o que sente amor. Unha vez reducida a colocación ó nome *amour* como palabra clave, pode ir ó dicionario bilingüe para atopar o equivalente español, *amor*. No DiCE, o usuario poderá atopar baixo o lema *AMOR*, a seguinte FL, á que lle achegámolo a glosa ‘empezar a sentir’:

$\text{IncepOper}_1(\text{amor}) = // \text{enamorarse}$

As dúas barras diagonais significan que se trata dun valor fusionado, posto que o valor da FL non se combina coa palabra chave. Como vemos, a paráfrase entre os sentidos codificados pola FL IncepPred e pola FL IncepOper₁ pode formularse por medio dunha regra universal (Mel'čuk 1992): ‘empezar a estar namorado [= $A_1(\text{amor})$]’ é unha paráfrase de ‘empezar a sentir amor’.

5. Conclusións

Despois destas breves reflexións sobre as colocacións dende unha perspectiva contrastiva e de producción, é posible encara-la pregunta do título: unha expresión dada, ¿é unha colocación ou non? Con medo a defraudar algún lector, empezarei dicindo que quizais a resposta non sexa moi importante porque tal vez a pregunta non estea de todo ben formulada. Dado que defendín que o punto de referencia que debe guia-la descripción lexicográfica das colocacións é o aprendiz dunha segunda lingua, o que debe preocuparnos non é tanto se unha expresión dada é ou non unha colocación, senón onde e como podemos describir esa expresión para que un usuario poida seleccionala e usala correctamente.

Así, ante unha expresión como, por exemplo, *abrir el grifo*, tan transparente semanticamente, tan pouco fixada sintacticamente e, en definitiva, tan trivial aparentemente, o que un lexicógrafo debe preguntarse non é tanto que etiqueta asignarlle (*colocación regular, combinación léxica sistemática*, etc.), senón onde poderá dá-la información a alguén que queira saber que se di en español para expresalo sentido ‘usar unha billa’. A única vía para atopa-lo verbo *abrir* será darrío na entrada de *grifo*. Un falante de inglés que queira saber como se di en español *to turn the faucet (tap) on* só poderá atopar-la correspondencia con *abrir el grifo* pasando pola descripción da entrada do nome. Mesmo en francés, onde o nome *robinet* se combina tamén co verbo *ouvrir*, debemos describi-la correspondencia co español a través do nome porque o usuario non pode prever cando a correspondencia é ou non palabra por palabra. Deste modo, nun diccionario como o DiCE, atopariamos baixo a entrada de *grifo* unha pequena descripción, que non é outra cousa que unha FL, áinda que formulada en lingua natural:

‘usar’ = *abrir* [ART ~]

‘deixar de usar’ = *cerrar* [ART ~]

Esta descripción non impide a entrada lexicográfica para a UL *abrir*, onde se poderá describir con maior precisión o sentido deste verbo, pero o usuario só irá a esta entrada cando queira analiza-la combinación *abrir el grifo*, non cando a queira producir.

En cambio, unha expresión como *abrir los ojos* [a alguien] debe ser descrita nunha entrada propia (áinda que por razóns didácticas se pode reenviar dende o verbo e dende o nome). Mesmo se metaforicamente a expresión se pode entender, o sentido global non inclúe nin o sentido do verbo nin o do nome. Non é posible describi-lo sentido aproximado ‘desenganar’ a través da entrada de *ojos* nin tampouco da entrada de *abrir*.

En definitiva, se se quere obstinadamente unha resposta á pregunta do título, a que podo ofrecer aquí é a seguinte: toda expresión formada por dúas unidades léxicas que poida ser descrita por unha FL na entrada dunha delas será considerada, dende un modo operativo, unha colocación.

Referencias bibliográficas

- ALONSO RAMOS, M. (2001): “Construction d'une base de données des collocations bilingues français-espagnol”, en *Languages*, 153, pp. 5-27.
- (2002): “Colocaciones y contorno de la definición lexicográfica”, en Lingüística española actual, 24, 1, pp. 63-96.
- (2003a): “Hacia un Diccionario de Colocaciones del español y su codificación” en M.A. Martí et al. (eds.), Lexicografía computacional y semántica, Barcelona, Edicions de l’Universitat de Barcelona, pp. 11-34.
- (2003b): “La nature des collocatifs: leur statut en tant qu’unités lexicales”, en F. Grossmann y A. Tutin (eds.), Les collocations : analyse et traitement, Travaux et Recherches en Linguistique appliquée, Amsterdam, Editions De Werelt, pp. 45-60.

- (2004a): “Elaboración del Diccionario de colocaciones del español y sus aplicaciones”, en P. Bataner y J. de Cesaris (eds.), *De Lexicographia. Actes del I Symposium Internacional de Lexicografía*, Barcelona, IULA y Edicions Petició, pp. 149-162.
- (2004b): *Las construcciones con verbo de apoyo*, Madrid, Visor Libros.
- (2005): “Semantic Description of Collocations in a Lexical Database”, en F. Kiefer et al. (eds.), *Papers in Computational Lexicography COMPLEX 2005*, Budapest, Linguistics Institute and Hungarian Academy of Sciences, pp. 17-27.
- (2006): “Glosas para las colocaciones en el Diccionario de colocaciones del español”, en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- (ed.) (2006): *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- ALONSO RAMOS, M. e SANROMÁN, B. (2000): “Construcción de una base de datos de colocaciones léxicas”, *Revista de la Sociedad Española de Procesamiento del Lenguaje natural*, 24, pp. 97-98.
- BOSQUE, I. (2001): “Sobre el concepto de *colocación* y sus límites”, *Lingüística española actual*, 23,1, pp. 9-40.
- (dir.) (2004): REDES. Diccionario combinatorio del español contemporáneo, Madrid, S.M.
- BLANCO, X. (2006): “Significaciones gramaticales y sentidos colocacionales. ¿Más que una mera coincidencia?”, en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 8. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- CAMIÑA, S.e MUÑIZ, E. (2006): “Sobre la necesidad de marcar las colocaciones en los diccionarios”, en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología (Anexo da Revista de Lexicografía)*, Coruña, Universidade da Coruña.
- CASTILLO CARBALLO, M. A. (2002): “El aspecto colocacional en la producción lexicográfica”, en A. Veiga et al. (eds.), *Léxico y Gramática*, Lingusas e Lingüística 3, Lugo, Tris Tram.
- CORPAS PASTOR, G. (2001): “Apuntes para el estudio de la colocación”, *Lingüística española actual*, 23,1, pp. 41-56.
- FERRANDO, V. (2002): “Colocaciones y compuestos sintagmáticos: dos fenómenos colindantes”, en A. Veiga et al. (eds.), *Léxico y Gramática*, Lingusas e Lingüística 3, Lugo, Tris Tram, pp. 99-107.
- GROSSMANN, F. e TUTIN, A. (2003): “Quelques pistes pour le traitement des collocations”, en F. Grossmann y A. Tutin (eds.), *Les collocations : analyse et traitement, Travaux et Recherches en Linguistique appliquée*, Amsterdam, Editions De Werelt, pp. 5-21.
- HAUSMANN, F. J. (1979), “Un dictionnaire des collocations est-il possible?”, *Travaux de littérature et de linguistique de l’Université de Strasbourg*, 17, 1, pp.187-195.

- (1989), “Le dictionnaire de collocations”, en F. J. Hausmann *et al.* (eds.), *Wörterbücher – Dictionaries – Dictionnaires*, vol. 1, Berlin, de Gruyter, pp. 1010-1019.
- (1997), “Tout est idiomatique dans les langues”, en M. Martins-Baltar (ed.), *La locution entre langue et usages*, Fontenay/St. Cloud, ENS Éditons, pp. 277-290.
- (1998), “O diccionario de colocacións. Criterios de organización”, en X. Ferro Ruibal (coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia, pp. 63-82.
- HERBST, T. (1996), “What are collocations –sandy beaches or false teeth?”, *English Studies*, 77, 4, pp. 379-393.
- HEYLEN, D., MAXWELL, K.G. e VERHAGEN, M. (1994): “Lexical Functions and Machine Translation”, *COLING*, Japón, pp. 1240-1244.
- IORDANSKAJA, L. e MEL’ČUK, I. (1997): “Le corps humain en russe et en français. Vers un Dictionnaire explicatif et combinatoire bilingue”, *Cahiers de Lexicologie*, 70, 1, pp. 103-135.
- KOIKE, K. (2001): *Colocaciones léxicas en español actual: estudio formal y léxico-semántico*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá y Takushoku University.
- (2002): “Comportamientos semánticos en las colocaciones léxicas”, *Lingüística española actual*, 24, 1, pp. 5-23.
- LUQUE DURÁN, J. e PAMIES BERTRÁN, A. (eds.) (2005): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*, Granada, Granada Lingüística y Método Ediciones.
- MAKKAI, A. (1972): *Idiom Structure in English*, The Hague: Mouton.
- MEYER, I. (1990): “Interlingual Meaning-Text Lexicography: Towards a New Type of Dictionary for Translation”, en J. Steele (ed.), *Meaning-Text Theory: Linguistics, Lexicography, and Applications*, Ottawa, University of Ottawa, pp. 175-270.
- MEL’ČUK, I. (1992): “Paraphrase et lexique: la théorie Sens-Texte et le Dictionnaire explicatif et combinatoire”, en Mel’čuk et al., *Dictionnaire explicatif et combinatoire du français contemporain. Recherches lexico-sémantiques III*, Montréal, Les Presses de l’Université de Montréal, pp. 9-58.
- (1995): “Phrasemes in Language and Phraseology in Linguistics”, en M. Everaert, E.-J. van der Linden, A. Schenck and R. Schreuder (eds), *Idioms. Structural and Psychological Perspectives*, Hillsdale, N.J.—Hove, Lawrence Erlbaum Associates, pp. 167-232.
- (1996): “Lexical Functions: A Tool for the Description of Lexical Relations in the Lexicon”, en L. Wanner (ed.), *Lexical Functions in Lexicography and Natural Language Processing*, Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins, pp. 37-102.
- (1997): Vers une linguistique Sens-Texte. Leçon inaugurale, Paris, Collège de France.
- (1998): “Collocations and Lexical Functions”, en A.P. Cowie (ed.), *Phraseology. Theory, Analysis, and Applications*, Oxford, Clarendon Press, pp. 23-53.

- (2001): "Fraseología y Diccionario en la Lingüística moderna", en I. Uzcanga Vivar, E. Llamas Pombo & J.M. Pérez Velasco (eds.), *Presencia y Renovación de la Lingüística francesa*, Salamanca, Ediciones Universidad Salamanca, pp. 267-310.
- (2006): "Colocaciones en el Diccionario", en M. Alonso Ramos (ed.), *Diccionario y fraseología* (Anexo da Revista de Lexicografía), Coruña, Universidade da Coruña.
- MEL'ČUK, I. A., CLAS, A. e POLGUÈRE, A. (1995): *Introduction à la lexicologie explicative et combinatoire*, Louvain-la-Neuve, Duculot.
- MEL'ČUK I. e WANNER, L. (2001): "Towards a Lexicographic Approach to Lexical Transfer in Machine Translation (Illustrated by the German-Russian Language Pair)", *Machine Translation Journal*, 16, 1, pp. 21-87.
- MUÑIZ, E. (2004): *El concepto de 'colocación' en español*, tesis de doctorado, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.
- NETZLAFF, M. (2005): *La collocation adjetif – adverbe et son traitement lexicographique Français – Allemand – Espagnol*, tesis de doctorado, Nuremberg, Universidad de Erlangen-Nuremberg.
- PENADÉS, I. (1995): "Las expresiones fijas desde los conceptos centro y periferia de los lingüistas praguenses", en M. Casas Gómez (ed.), *I Jornadas de Lingüística*, Cádiz, Universidad de Cádiz, pp. 91-134.
- RUIZ GURILLO, L. (1998): "Una clasificación no discreta de las unidades fraseológicas del español", en G. Wotjak (ed.), *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*, Frankfurt, Lingüística Iberoamericana, pp. 13-37.